

## 5.1. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

Teranse en conta os criterios de avaliación que figuran no punto 3.3 da programación, para cada unha das UD.

a) Dado que a pesares de que algúns contidos reutilízanse dunha avaliación para outra, outros son específicos de cada unidade, a avaliación realizarase de xeito independente. Cada avaliación terá o mesmo peso.

b) Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos nas cinco destrezas. Teranse en conta os criterios de avaliación que procedan de entre os seguintes: 1.1, 1.2, 1.4, 1.5, 1.6, 1.7, 1.9, 1.10, 1.11, 2.1 e 2.2.

-Realizaranse dúas probas escritas por avaliación con exercicios de comprensión (oral e escrita), expresión, adquisición de léxico, gramática e conxugación, probas de pronuncia, etc.

-Entre as tarefas, proporase a realización (e de ser o caso exposición) de traballos (de expresión escrita, traballos monográficos...), nos que se valorarán diversos aspectos dependentes da unidade didáctica na que se encaixen, que serán previamente definidos e figurarán na aula virtual ou carpeta compartida a disposición do alumnado.

-Por outra banda para valorar a continuidade do traballo ao longo de cada trimestre os alumnos obterán notas de exercicios puntuados realizados en clase ou en casa e terán que entregar o seu caderno que fará media cas tarefas realizadas e os traballos entregados.

c) A cualificación trimestral obterase da media ponderada das cualificacións obtidas nas dúas unidades didácticas traballadas en cada trimestre, seguindo as porcentaxes seguintes:

**80% probas escritas**

**10% da media das notas de tarefas ou traballos obrigatorios escritos e/o orais xunto coa nota da libreta**

**10% da media dos exercicios obrigatorios de clase ou casa puntuados.**

**Un traballo ou exercicio non entregado puntuarase cun 0 nas medias respectivas.**

Os traballos e a libreta valoraranse segundo as táboas de indicadores dispoñibles na web do centro.

**En caso de detectar similitudes claras con outros traballos, de igual xeito que no caso de ser evidente a axuda de aplicacións dixitais polo uso dun nivel de linguaxe demasiado culto, por tempos verbais non estudados ou polo nivel lingüístico moi superior ao demostrado en clase, poderase esixir a repetición do mesmo en horario lectivo, aplicar unha penalización ou incluso cualificar o traballo cun 0 de repetirse o feito.**

d) A cualificación da avaliación final ordinaria obterase da media das cualificacións trimestrais calculada sempre coas **notas REAIS SEN REDONDEO**. O redondeo aplicarase so á nota final.

e) Farase un seguimento da constancia no traballo anotando as faltas de deberes no día a día. **As faltas de deberes (non puntuados) reiteradas nunha mesma avaliación, restarán á nota final 0.25 cada 3 faltas co tope de 0.5 (6 faltas)**. Ditas faltas serán comunicadas ás familias por Abalar ou por teléfono. (non se poderán entregar exercicios despois da data tope establecida).

- f) **O alumnado que non teña ningunha falta ou unha única falta, ó longo dunha avaliación e teña unha cualificación positiva na libreta, incrementará a nota ponderada do apartado de exercicios en 0.5 e 0.25 puntos respectivamente, tendo como tope a nota máxima do 10% deste apartado.**
- g) No período final de clases todo o alumnado realizará unha **proba oral de repaso de todo o curso coa que poderá subir ata 1 punto** a media final das tres avaliacións (sempre que a nota da proba oral sexa **igual ou superior ao 5** e que a media despois das probas de recuperación alcanzara o 4,5 sobre 10, no caso de non chegar ao 4.5 non sumará e non será obrigatorio realizar a proba para este alumnado). A proba oral valorarase segundo a táboa de indicadores dispoñible na web do centro.

#### **Crterios de recuperación:**

- a) **De non chegar ao 4.5 na media final das tres avaliacións en xuño o alumnado deberá presentarse a probas de recuperación. Dado que a pesares de que algúns contidos reutilízanse dunha avaliación para outra, outros son específicos de cada unidade, a avaliación realizarase de xeito independente. Cada avaliación cunha nota inferior ao 4.5 terá que recuperarse de xeito independente con probas escritas de contidos mínimos.**
- b) O alumnado que teña que realizar algunha recuperación recibirá un resumo concreto dos contidos mínimos de cada avaliación con suficiente antelación ás probas.
- c) Aplicaranse medidas de reforzo educativo (material de reforzo na AV, adaptación de probas en caso de NNEE...) cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxectivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- d) Co fin de non perder o traballo realizado ó longo do curso a nota obtida en cada proba correspondente a unha avaliación, pasará a substituír a media das probas ponderada nun 80% e fará media ca nota obtida nos outros apartados contemplados en cada avaliación. (20%)

## **Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

- a) O alumnado que promocionou coa materia pendente será convocado a unha primeira xuntanza pola Xefatura do Departamento ao longo do mes de setembro. Recibirá información escrita do plan de reforzo que se levará a cabo. Elaborado polo profesorado que imparte a materia, este plan ten como referentes os obxectivos da materia e a adquisición das competencias. Nel figurará o procedemento de seguimento, recuperación e avaliación da materia. Esta información estará colgada na web do centro. **As familias serán informadas coa elaboración do plan de reforzo e recuperación de materias pendentes.** De todo este procedemento, así como do seu contido, informarase igualmente ao profesorado titor deste alumnado.
- b) O alumnado terá catro ocasións para superar a materia pendente: os contidos repartiranse en 3 exames parciais: novembro (1º parte), febreiro (2º parte) e abril-maio (3ª parte).  
Cada exame non superado poderá repetirse na convocatoria seguinte.  
No mes de xuño o alumnado que non acadara o 5 previamente poderá realizar unha proba final de recuperación das partes suspensas.  
**As datas de realización das probas serán programadas con antelación e publicadas na web do centro.**
- c) O alumnado recibirá igualmente unha **guía de traballo**, con tarefas e unha temporalización recomendada, coa intención de facilitarlle a preparación das probas mencionadas e poder corrixir posibles erros antes das probas.
- d) O alumnado será convocado mensualmente polo seu profesorado ou pola Xefatura do Departamento (se non cursa a materia no presente curso). Nesas xuntanzas o alumnado presentará o traballo que leva realizado para que o profesorado poida facer un seguimento e reorientalo se fose preciso.
- e) **Cualificacións**  
**A nota final será a media das probas parciais. O alumnado, para superar a materia, deberá acadar o cinco (4.5) sobre dez.**  
Ao alumnado que acade o cinco nalgunha das dúas probas, mais non na media aritmética, conservaráselle esa parte e non terá que examinarse dela no exame final, aínda que ten dereito a facelo se así o desexa para subir nota.
- f) Nas xuntas de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e realizaranse os axustes necesarios.
- g) Na avaliación ordinaria do curso en que estea escolarizado, o profesorado da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación. En caso de non estar a cursar a materia no presente curso, corresponderalle á Xefatura do Departamento.